



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de febreiro de 2023 (1397/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Losada Álvarez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O Sr. Aneiros Pereira incorpórase á sesión en modo online.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(133).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(134).- PRÓRROGA DO “CONTRATO DO SERVIZO DE CREACIÓN E DIFUSIÓN DE CAMPAÑAS E ACCIÓNS INSTITUCIONAIS DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN PROMOVIDAS DESDE O CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 18174/101.

Visto o informe xurídico do 23/02/2023 e o informe de fiscalización de data 24/02/2023, dáse conta do informe-proposta do 26/01/2023, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de febreiro de 2021, adoptou o acordo de adxudicación da “Contratación do servizo de creación e difusión de de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo”, expte. 18.174/101 a favor de ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) por un prezo total de 1.387.835,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 240.863,98 euros, e coa seguinte redución sobre os prezos unitarios recollidos no apartado 3.G da FEC:

- a) Realización da Estratexia de Comunicación xeral institucional: 50%
- b) Deseño da imaxe e proposta de creatividade de cada unha das campañas: 33,33%
- c) Deseño dos bandos institucionais: 41,18%
- d) Deseño dos anuncios de carácter obrigatorio e institucional: 44,44%
- e) Realización e produción de cuñas radiofónicas: 20%
- f) Redución dos custes correspondentes ás tarifas para cada un dos espazos dos medios de comunicación e soportes publicitarios exteriores recollidos no apartado 3.G.f

1.- PRENSA ESCRITA:

- 1) Faro de Vigo: 20,35%
- 2) La Voz de Galicia: 18,67%
- 3) Atlántico Diario: 11,90%

2.- RADIO:

- 1) Radio Vigo: 14,05%
- 2) COPE: 0%
- 3) Onda Cero: 30,50%
- 4) Kiss FM: 62,00%

3.- MEDIOS DIXITAIS:

- 1) La Voz de Galicia.es: 18,67%
- 2) Faro de Vigo.es: 20,35%
- 3) Atlántico Diario.es: 11,90%
- 4) Outros soportes (Galicia Ciencia, Vigo E, Vigoalminuto, Cies podcast, Galicia Confidencial, A Movida e Metropolitano): 9,39%



Concello de Vigo

4.- TELEVISIÓN:

1) Televigo: 28,50%

g) Impresión do material gráfico detallado no apartado 3.G.g: 30,75%

Todo iso, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Segundo.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 2 de marzo de 2021 e na cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio o 03/03/2021. Están contempladas no apartado 4.C da FEC tres prórrogas de un ano cada unha, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

Terceiro.- Notificada a finalización do prazo inicial do contrato previsto para o día 2 de marzo de 2022, e solicitada conformidade para a primeira prórroga do “Contratación do servizo de creación e difusión de de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo”, (expte. 18.174/101). A empresa ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808), da a súa conformidade coa prórroga en data 11 de xaneiro, polo período comprendido entre os días 3 de marzo de 2022 e 2 de marzo de 2023, ambos os dous incluídos. Atópase anexada ao expediente no trámite 446, nº de documento 220005360.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2022 a primeira prórroga do “Contrato do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas dende o Concello de Vigo”. Expte. 18174/101, e que foi comunicada a empresa adxudicataria con data 1 de marzo de 2022.

Quinto.- Con data 13 de xaneiro de 2023, notifícase a ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L. (B-36.614.808), a finalización do prazo da PRIMEIRA prórroga do contrato previsto para o día 2 de marzo de 2022, e solicítaselle a conformidade para SEGUNDA prórroga do “Contratación do servizo de creación e difusión de de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo”, expte. 18.174/101 a favor de ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808), polo período comprendido entre os días 3 de marzo de 2023 e 2 de marzo de 2024, ambos os dous incluídos.

A empresa ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808), da a súa conformidade coa segunda prórroga en data 18 de xaneiro de 2023, polo período comprendido entre os días 3 de marzo de 2023 e 2 de marzo de 2024, ambos os dous incluídos. Atópase anexada ao expediente no trámite 597, nº de documento 230015748.

A prórroga terá que ser acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

A empresa foi notificada da finalización do prazo inicial do contrato en data 10 de xaneiro de 2022 e presta a súa conformidade coa primeira prórroga por un ano, en data 11/01/2022 (número de documento 220005360), polo período comprendido entre o 3 de marzo de 2022 e 2 de marzo do 2023, ambos os dous incluídos.

O referido apartado 4 das F.E.C. establece nun ano o prazo de execución do contrato, coa previsión no seu apartado C) de tres prórrogas dun ano cada unha.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria do día 24 de febreiro de 2022 a primeira prórroga do “contrato do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas dende o concello de vigo”. Expte. 18174/101, que foi comunicada á empresa adxudicataria con data 1 de marzo de 2022.

Quinto.- En data 13 de xaneiro de 2023, notifícase a ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L. (B-36.614.808), a finalización do prazo da PRIMEIRA prórroga do contrato previsto para o día 2 de marzo de 2022, e solicítaselle a conformidade para a SEGUNDA prórroga do “Contratación do servizo de creación e difusión de de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo”, expte. 18.174/101 a favor de ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808), polo período comprendido entre os días 3 de marzo de 2023 e 2 de marzo de 2024, ambos os dous incluídos.

A empresa adxudicataria da a súa conformidade coa segunda prórroga en data 18 de xaneiro de 2023 polo período antedito, anexada ao expediente no trámite 597, nº de documento 230015748.



Concello de Vigo

Sexto.- Considérase conveniente polos que subscriben, a proposta da aprobación da SEGUNDA prórroga do contrato do servizo de creación e difusión de de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo” (expte. 18.174/101), por un período dun ano, entre o 3 de marzo de 2023 e 2 de marzo do 2024, ambos os dous incluídos, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución e mais a primeira prórroga foi satisfactorio e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Sétimo.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Oitavo.- O período da segunda prórroga do contrato comprenderá dende o día 3 de marzo de 2023 ao 2 de marzo de 2024, ambos os dous incluídos.

Noveno.- O importe da prórroga deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, nas aplicacións orzamentarias: 9121 2260 200 (anuncios bandos, campañas institucionais) por importe de 1.107.454,17 €; e 9120 2279 9069 (produción e seguimento plan de medios) por importe de 280.381,15 €.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPÓNSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a SEGUNDA prórroga dun ano de duración do vixente contrato “Contratación do servizo de creación e difusión de de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo” (expte. 18.174/101) formalizado coa entidade mercantil ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) polo período comprendido entre o 3 de marzo de 2023 e 2 de marzo do 2024, ambos os dous incluídos.

Segundo- Autorizar o gasto estimado do contrato de servizos “Contratación do servizo de creación e difusión de de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo” expte. 18.174/101 a favor da entidade mercantil ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) por importe total de 1.387.835,32 € (ive incluído) do vixente orzamento da Alcaldía con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- 9121 2260 200 (anuncios bandos, campañas institucionais) por importe de 1.107.454,17 €:

Anualidad 2023: 1.071.454,17 €

Anualidad 2024: 36.000,00 €

- 9120 2279 9069 (produción e seguimento plan de medios): por importe de 280.381,15 €:

Anualidad 2023: 262.381,15 €

Anualidad 2024: 18.000,00 €

Terceiro.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) adxudicataria indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(135).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE OESTE”. EXPTE. 1594/441.

Visto o informe xurídico de data 20/02/2023 e o informe de fiscalización do 24/02/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/02/2023, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 25.10.2022 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo a favor da mercantil Galaicontrol S.L.

II.- A devandita empresa presentou borrador de proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE OESTE”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS ONCE MIL CATROCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (611.436,51 €), con data novembro de 2022 e asinado dixital en data 19 de xaneiro de 2023.

III.- Previo informe da Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 03.02.2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 06.02.2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 09.02.2023 aprobou o proxecto de obras de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE OESTE”,



Concello de Vigo

redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS ONCE MIL CATROCIENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (611.436,51 €), con data novembro de 2022 e asinado dixital en data 19 de xaneiro de 2023.

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 09.02.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5.901-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, M^a Trinidad López Rodríguez, asinado en xaneiro de 2023.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Técnico de Administración Xeral de data 9 de febreiro de 2023.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 9 de febreiro de 2023.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 9 de febreiro de 2023.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 10 de febreiro de 2023.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 10 de febreiro de 2023.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 10 de febreiro de 2023.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 15 de febreiro de 2023.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 15 de febreiro de 2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2^a. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia

económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 03.02.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. LOTE OESTE”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. Mª Trinidad López Rodríguez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con 15 de febreiro de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **SEISCENTOS ONCE MIL CATROCIENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA E UN CÉNTIMOS (611.436,51 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 106.117,08 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	611.436,51 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(136).-ADJUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REDUTORES DE VELOCIDADE NO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1364/441.

Visto o informe de fiscalización de data 21/02/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 13/01/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adjudicación

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación das obras de redutores de velocidade no termo municipal do Concello de Vigo (1.364-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación das obras de redutores de velocidade no termo municipal do Concello de Vigo (1.364-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de decembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “REDUTORES DE VELOCIDADE NO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial municipal, Manuel Monroy Castro,

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 18 de novembro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO DEZANOVE MIL NOVECENTOS OITENTA

EUROS con NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (119.980,94 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 20.823,14 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1330 2100001 (Recrecido de pasos de peóns en rúas). segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	119.980,94 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 29 de decembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación das obras de redutores de velocidade no termo municipal do Concello de Vigo (1.364-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Redución do prezo do contrato
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	85.920,23 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	87.734,82 €
3	NAROM, S.L.	95.449,30 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886), para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), o día 30 de decembro de 2022, que presenta a documentación requirida 9 de xaneiro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de xaneiro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 29 de decembro de 2022 polo que se ordenaron as ofertas segundo o previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP, tras descartar que ningunha das ofertas contiña valores anormais ou desproporcionados.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886) o procedemento aberto simplificado para a contratación das obras de redutores de velocidade no termo municipal do Concello de Vigo (1.364-441) por un prezo total de 103.963,48 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 18.043,25 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretario dou fe.

SGF/me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Abel Losada Álvarez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez